

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR).*

Advertidos erros na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 12, do 18 de xaneiro de 2017, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 2617, no último parágrafo, onde di:

«Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Local»

Debe dicir:

«Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural»

Na páxina 2627, no último parágrafo do artigo 4.2, onde di:

«Terán a consideración de proxectos non produtivos os definidos no artigo 55 (ficha de elixibilidade VI) destas bases reguladoras».

Debe dicir:

«Terán a consideración de proxectos non produtivos os definidos no artigo 49 (ficha de elixibilidade VI) destas bases reguladoras.»

Na páxina 2628, no punto i), onde di:

«Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición sexa financiada polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data da realización do investimento».

Debe dicir:

«Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo Feader ou outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data da realización do investimento».



Na páxina 2629, no segundo parágrafo do artigo 7.1, onde di:

«As axudas destinadas a investimentos do sector da produción agraria primaria, a investimentos de transformación e/ou comercialización de produtos agrarios en que o produto final estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado e a investimentos de transformación e/ou comercialización da madeira como materia prima anteriores á primeira transformación industrial desta están amparados no Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro. [...]».

Debe dicir:

«As axudas destinadas a investimentos do sector da produción agraria primaria e a investimentos de transformación e/ou comercialización de produtos agrarios en que o produto final estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado, están amparados no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro. [...]».

Na páxina 2645, no último parágrafo do artigo 18.2, onde di:

«En todo caso, cando o promotor non poida executar o seu proxecto, deberá presentar a renuncia á subvención concedida, a falta de renuncia constituirá nestas circunstancias causa para iniciar expediente sancionado, ademais de, se é o caso, iniciar o procedemento de reintegro respecto das cantidades xa percibidas en concepto de subvención».

Debe dicir:

«En todo caso, cando o promotor non poida executar o seu proxecto, deberá presentar a renuncia á subvención concedida. A falta de renuncia constituirá nestas circunstancias causa para iniciar expediente sancionador, ademais de, se é o caso, iniciar o procedemento de reintegro respecto das cantidades xa percibidas en concepto de subvención».

Na páxina 2645, no punto b do artigo 19, onde di:

«[...]», considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos últimos doce meses contados desde a data de solicitude de axuda».



Debe dicir:

«[...] considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos doce meses inmediatamente anteriores á data de solicitude de axuda».

Na páxina 2645, no punto c) do artigo 19, onde di:

«Manter durante os 5 anos posteriores á data da súa efectiva creación os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección».

Debe dicir:

«Manter durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección».

Na páxina 2658, no punto 2 do artigo 30, onde di:

«Recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución é expresa».

Debe dicir:

«Recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa».

Na páxina 2665, no punto 2 do artigo 42, onde di:

«As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro».

Debe dicir:

«As axudas concedidas para esta tipoloxía de proxectos estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*».



Na páxina 2667, no segundo parágrafo do artigo 47, onde di:

«Considérase que a actividade é distinta cando o grupo do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinto do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda».

Debe dicir:

«Considérase que a actividade é distinta cando a división do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda».

